

# Relación entre Betanzos e A Coruña no século XVI

ISMAEL VELO PESADO \*

Cada vez que vexo A Coruña mirando ao mar, dende a outra parte da ría parécmeme máis bonita. Quisen estudar algo da sua historia; recibíronme ben; e trástanme entrañablemente. Aquí encontrei ós de Betanzos con tarefa semellante; estudiando a sua cibdade nas fontes conservadas dos arquivos da Coruña. Atópome, pois, na obriga de traballar vencellado ós amigos de Betanzos. Sempre A Cruña e Betanzos estuvieron unidos, xa dende a antiguedade. Onde estaba Brigantium?. Cal era o Portus Brigantinus?. Non se sabe con certeza. Pro non cabe dúbida, era A Cruña ou Betanzos. As duas cibdades recibiron o mesmo ordenamento municipal (1), defenderon a sua liberdade política de vinculación directa estatal (2) e sostuveron unhas relacóns, que tenderon ao desenrolo das suas sociedades, mais que á motivación de rivalidades e entorpecementos.

## 1. A XURISDICIÓN REAL

E pouco extensa a xurisdición real na Galicia (3). A Cruña e Betanzos, xurisdición direc-

\* Ismael Velo Pensado é sacerdote en Perillo, A Coruña, e profesor de Historia Eclesiástica no Centro Teológico Compostelano.

ta do rei, tuveron o mesmo corredor. Na sua ausencia, por presencia nunha das cibdades, era representado polo tenente de corredor (4). O alguacil era o seu poder executivo, tanto de guardia personal, como de policía ou executor da sua xusticia, con poder nas demais

(1) Foro municipal de orixen real, o de Benavente. Cf. Brais da Bouza, Betanzos: Gran Enciclopedia Gallega 3,217. Por eso as duas cibdades foron de realengo. Teño que advertir o meu erro sobre a xurisdición de Betanzos no artigo "Corregidores de Betanzos en el siglo XVI": Anuario Brigantino (1982). Sempre maxinei que os Andrade e despois os condes de Lemos foran os seus señores; cando Rivadulla me adverteu, quedei moi triste e desconfiado de min mesmo. Este recoñecemento poderá servirme pra ser mais crítico das miñas ideas. Xa tuvera unha vez a desconfianza, cando lin no catastro do Marqués da Ensenada que o señorío de Lemos nas Mariñas tiña a capital en Pontedeume. ¿Por qué non era Betanzos?. Os de Betanzos eran señores de si mesmos co rei como máxima, inmediata e alonxada potestade. Os de Betanzos eran cabaleiros como agora o son.

(2) No século XV e comenzaos do XVI A Cruña e Betanzos xúntanse e buscan axuda no conde de Andrade pra defender a xurisdición real frente ó conde de Benavente. Cf. "Archivo General de Simancas", Diversos de Castilla legajo 39, folio 38, que me deixou consultar en microfilm Rivadulla Porta.

(3) Cf. Santiago Sobrequés Vidal, Historia social y económica de España y América II (Barcelona, Vicens, 1979) 201.

(4) Ismael Velo Pensado, Los corregidores de Betanzos en el siglo XVI: Anuario Brigantino (1982).

autoridades dependentes da cibdade (5).

## 2. OBRAS PUBLICAS

A Real Audiencia impoñía repartos de contribución prás calzadas e pontes, sobre todo pra estes últimos, ós diversos municipios, según a utilización da obra pública a construir (6) ou reparar. Como era costume prós gastos do estado, as contribucións das cidades pagábanse dos fondos comúns, “*os bens propios*” da cibdade, ou facíase un reparto entre os veciños, según a sua capacidade económica. Había uns padróns, que se perderon, indicativos da poboación contribuinte e do seu ni-

vel económico, segun o que se facía o reparto e se rectificaba con esta ocasión.

No Arquivo Municipal da Cruña conservanxe os Libros de consistorio dende o seculo XVI. Neles como nos *libros de cuentas*, dos que se conserva un, faise referencia á aceptación e libramento de cantidades de diñeiro asignadas (7) a obras públicas, que si son fóra do ámbito da cibdade son sempre pontes. A cibdade da Cruña pode reconstruir a dirección do tráfico preferente das persoas e carga co conocemento destas decisións comunales.

Betanzos está no camiño da Cruña e a Corte; neste senso é o interés da construcción dos accesos de Galicia a Castela e de Castela a Galicia polos pontes de Orbigo, Valcárcel...

### APORTACIÓN DA CIBDADE DA CRUÑA A PONTE DE BETANZOS

Ano	Mes	Día	Maravedís	Obra	Recaudación
1574	3	13	52.360(8)		
	4	3			
1577	9	9		Reparo	Reparto
		10		Reparo	Ejecución do reparto por co-lacións en 1577
		26			
1578	2	7		Reparo	
	4	18		Reparo	
1579	8	24	61.210(9)		
	9	11	17.000		
1594	11	4		Reparo	Reparto. Pago en tercios.

(5) “Alguacil mayor desta ciudad a cada uno de vos del campo della o a cualquier alcalde o mayordomo de la jurisdicción yo os mando y cometo en cada uno de vos que luego que con este mí mandamiento fueredes requerido o requeridos de parte de Antonio da Fonte, clérigo sin perjuicio de derecho intentado por Pedro da Fonte e San Juan da Fonte, sus hermanos, le dad al dicho Antonio da Fonte, clérigo, la misión en posesión pro indiviso de todos e cualesquiera bienes de cualquiera calidad que sean, que hayan fincado de Juan da Fonte e María de Santa María, sus padres, difuntos, vecinos que fueron de la felegresia de Santaya de Cañás, como a uno de sus herederos que de los dichos defuntos parese haber fincado, haciendo primero averiguación dellos por delante un escribano público y lo cumplid, so pena de diez mil maravedís para la cámara del rey nuestro señor. Fecho en Betanzos a nueve días del mes de setiembre de mil e quinientos y ochenta e siete años”. Arg. leg. 597 n. 16.

(6) Cf. Laura Fernández Vega, La Real Audiencia de Galicia, órgano de gobierno en el antiguo régimen II (La Coruña, Diputación, 1982) 15.

(7) Seguramente pola Audiencia. Cf. Ibidem.

(8) Repartidos entre veciños e moradores, laicos e cregos. *Libro de consistorios*: (Archivo) (H)istórico (M)unicipal de La (C)oruña.

(9) Media da aportación da Cruña pros pontes de Betanzos e Caldas de Reis.

### 3. COMERCIO

Hai un comercio exterior e internacional polo mar, que abastece dunha forma ocasional, que chega pola costa con intención de beneficio na moeda, pese á prohibición de saída si non é convertida en mercancías. Este comercio abastece as necesidades da poboación. Cando as necesidades son urxentes as autoridades locais, as municipais urbáns, encárganse por sí mesmas da importación. Somentes en necesidades mui estendidas e intensas o estado, informado pola Audiencia, se interesaba pola vía diplomática ou por establecidos axentes comerciais, das importacións, procurando antes a compensación entre os estados peninsulares. Hai outro comercio interior entre localidades pertas ou alonxadas; nestes casos a navegación comercial é de cabotaxe, tendo sempre á vista a costa. A Cruña comerciaba con Betanzos por un camiño real, que polo menos por sitios era calzada (sempre á entrada e saída das cidades) de construcción similar ás románs.

O comercio estaba limitado pola producción. Na Edade Media a economía é autárquica, a producción pertenece á terra fundamentalmente e ó amo dela por consecuencia. Na baixa Edade Media hai uns traballadores independizados da terra labrada; a sua orixen estaría no servicio directo dos señores, que por eventualidade demográfica libraronse da servidume. Son os artesáns e comerciantes. Sin mais medios de producción que as suas forzas e algúns medios de transporte, aproveitan a coñecida favorable de diferentes precios en distintas localidades, nas estacións do ano ou nas cointuras humás do mercado baixo a lei da oferta e da demanda. Hai comerciantes que manteñen o seu negocio na inxeniosidade do análisis coñatural; os homes adícanse ó transporte; as suas mulleres están na sede social do comercio, pra atender á chegada do posible comprador. Outros comerciantes en bens alimentarios buscan tamén o beneficio na producción; compran cos beneficios terras cultivadas, con preferencia viñas, que esixen menos traballo na leira que o traballo dos cereais; algúns xornaleiros somentes se preci-

san pra cavaduras e prá vendimia.

Tamén o traballo e o seu beneficio teñen evolución. Hasta época tardía román e hasta a alta Edade Media o dono da terra percibía todo o beneficio dos seus froitos; os escravos e servos recibían o alimento da man do señor. Na baixa Edade Media o producto da terra dividíuse en duas partes, unha pró traballador e outra pró dono; pro éste continúa sendo dono do traballo e mais da terra, porque a renta que percibía era un tanto da colleita, explotando a plusvalía do traballo humán, conseguida no esforzo e nos perfeitos; a renta percibida era noble (10). Na edade moderna a renta convertiuse en fixa no interior e darredor das cidades eclesiásticas e donde mora a alta nobleza; o dono da terra non é dono do traballo; o colono é dono do seu esforzo e do seu traballo. Pro na veira das cidades, polo menos nas cidades do litoral, donde o entorno agrícola non foi suficiente pró desenrollo da poboación, a xente rica continúa explotando directamente a producción dos cereais e viñedos por medio de traballadores temporais e por contratos de parcería ou granxería.

O traballo no mar veuse libre da especulación no século XVI; os donos dos aparellos e embarcacións eran os mesmos pescadores e mareantes. A propiedade estaba dividida en quiñóns, según os que se dividía a pesca ou a ganancia dos fletes. Pescadores, mareantes e comerciantes transportistas, teñen a mesma idea do mercado de bens principalmente alimentarios, frente ós propietarios de terras e comerciantes con riqueza rústica.

Os intereses comerciais dos comerciantes sin producción e dos pescadores están abertos a un libre intercambio, sin impedimentos á entrada e saída de produtos. Están en oposición á xente urbán con terras no darredor e campo achegado á cidade; esta xente ten interés en poñer leises no mercado impedindo a chegada e entrada na cidade de produtos semellantes e que compitan cos seus no mercado; ademais especulan co precio, procurando subilo según as necesidades. Un interés feudal, co que o señor quería ter o monopolio do mercado co seu produto no tempo de maiores precios, na soldadura das colleitas.

(10) Santiago Sobrequés Vidal, *Historia social y económica de España y América* 23 (Barcelona, Vicens, 1979) 66.

Na baixa Edade Media os artesans, mareantes e pescadores querían un mercado aberto á oferta dos produtos, principalmente da terra. O conflito cos propietarios tuvo que ser resolto ca intervención real. Betanzos foi considerada cibdade orientadora na solución destes conflitos polo seu mercado (11). Os intereses económicos debían estar sometidos ó ben xeral da poboación e ó seu alimento. A resposta foi a observación da produtividade e non permitiu unha renovación das fontes da economía; os propietarios eran poucos; os colonos e xornaleiros moitos; tuveron que agarrarse á única posibilidade de subsistencia, que ofrecían os propietarios. Estes aproveitan o control do monopolio do mercado dos seus produtos e a posibilidade de comprar a precio (no mercado) aberto ou controlalo, tamén, comprando en acaparamento os produtos chegados. A economía foi estable mentres tratou de conservar, con miras curtas, os bens invertidos en traballo e di-

ñeiro, como nas viñas. Foi posible a estabilidade así, por moito tempo, porque nunca tratou de mellorar e cambiar (cando era necesario renovar) os bens de equipamento como as cepas das viñas. A economía sigue a rutina das persoas: é unha superestructura da psicoloxía, que intenta asegurarse na economía con ou sin razóns, con valer ou privilexios, con libertade ou esclavitude e servidume. Deste xeito, conservouse o viño mariñán case sempre ruín e con calidades case silvestres de verdello e raposo (12); estaba cerca do cultivo da horta, cultivo secundario prá alimentación, pro o principal na exportación, en loita ca gandeiría estabulada, silvestre e brava. Cando se conoza a pataca, que comenzou a cultivarse na horta, ocupará este tubérculo o sitio das “viñas bellas”.

As disposicións medievais consérvanse na Edade Moderna. Os comerciantes cruñeses iban a Betanzos informarse dos precios (13). Pro o comercio de Betanzos sempre foi

(11) Unha cédula real dirixida dende Madrid A Cruña o 5 de novembro de 1306 di: “*Los mareantes e pescadores de la dicha villa no consienten que se guarden la ordenanza que por nosotros fuese fecha, confirmada de mí, en razón que no entrasen ni veniese y vino de fuera parte, sobre lo cual ansi de la una parte como de la otra han sido ganado de mi algunas cartas unas en contrario de otras e ogano yo estando en su villa fueron a mí los procuradores de los dichos mareantes y pescadores con sus peticiones en que me pedian por merced que mandase que se vendiese en la dicha villa e entrase el dicho vino de fuera parte e que no se guardase la dicha ordenanza, por cuanto decían que era grande dapno e despoblamiento de la dicha villa. E yo por haber información que de fecho envié mandar por una mi carta a Fernando Gonçales de Çamora, licenciado en decretos que entonces estaba por mí, juez e corregidor de la dicho villa, que sopiese por cuantas partes saber podiese e se informase cuál era lo que más cumple a mi servicio o venderse vino de fuera parte en la dicha villa de La Coruña o no y me enviase hacer dello verdadera relación por escriptura signada de escribano público e cerrada e sellada, porque yo fuese certificado e informado cuál era lo que más cumple a mi servicio e al poblamiento de la dicha villa y mandase sobre ello lo que fuese mi merced. E el dicho Fernán Gonçalez, fecho sobre ello informado, enviome la dicha relación por la cual paresce que dice que se puede coger en la dicha villa de sus términos de cada año hasta sietecientos o ochocientos toneles de vino e no más; e luego a pocos días parescio ante mí Pedro Yanes, notario, vecino e morador que se mostró de vos el dicho concejo en contrario de lo que pedian los dichos mareantes y pescadores e mostró ante mí por testimonio siñados de escribanos públicos e como se cogian e poderen coger de cada un año en la dicha villa e sus términos mil y quinientos toneles de vino e más, del cual vino dixo que se podía mantener e gastar la dicha villa todo el año e lo más dellos que me pedía por merced en nombre de vosotros que mandase que no entrase y el dicho vino de fuera parte, sino que se yermasen e despoblarían las viñas que ya había y que sería gran deservicio mío y dapño y despoblamiento de la dicha villa e de sus términos y él habida esta información cumplidamente de lo que la una y la otra parte decian sobre este fecho, falló que por no se vender vino de fuera parte en la dicha villa ni en sus tierras habiendo vino no asás de suyo en ella que los dichos hombres habrían más a voluntad a labrar sus viñas, de multiplicar e acrecentar en ellas e que sería más abastecida y más honrada la dicha villa por muchas razones justicias (sic) que a ello movieron e porque entendía que así cumple a mi servicio e al poblamiento e bien de la dicha villa e de sus términos acordó e mandó que en tanto que de suyo hubiere vino en la dicha villa de sus términos que se venda e que no entre vino de otra parte a se vender en ella en cada año mientras durare y bastare lo de la villa de sus términos e si por ventura el vino que y hubiese de suyo no bastare para en todo el año que entonces que puedan traer e vender y vino de fuera parte los que quixeren, pero que todavía sean tenidos los que de suyo hubieren y vino de vender e de lo dar a parescio ajustado e razonable, según fuere puesto por los fieles de vos el dicho concejo, con tanto que no los puedan vender más caro ni a mayores precios de como valiere en Betanzos, que es tres legoas*”. Arg. leg. 26.362 n. 31.

(12) No ano 1549 ó 26 de febreiro decideuse no consistorio do axuntamento da Cruña importar viño de Betanzos. O 12 de marzo do mesmo ano señálanse os precios e dise del que é “*aspro e fero*”. AHMC Libro de consistorio 9.

(13) O 2 de abril de 1570 Nicolás Xaspe, comerciante, veciño da Cruña testifica que “*Pedro Barberin el Moço fue a Betanzos a saber cómo valía la sardina y jurelo para vender*”. ARG leg. 26.652 n. 37.

solidario dos pescadores, artesáns e comerciantes non propietarios da Cruña. As relacións entre cidades apoiábanse no desenrollo dos traballadores modernos, especializados. Betanzos protesta pola prohibición da Cruña de importar os produtos da sua terra, en especial o seu viño en tempos chamados de estanco. Por este freno o comercio entre as duas cidades nun tempo do ano, emprende un pleito contra A Cruña na Chancillería de Valladolid (14). O sentido comercial de libre-cambeo é tan forte que Betanzos intenta mantelo anque sea contra legem, real, arriba antedita. A cidade da Cruña parece que impón as condicións económicas e ten interés polo de-senrolo do seu comecio (15).

O comercio mais rápido é transportado polo mar (16). As cidades de entorno agrícola en tempos de crise de producción necesitan abastecerse de lonxe. A mediados do século XVI o tráfico marítimo no Atlántico faise cada vez mais inseguro pola piratería organizada e a guerra en Flandes e o seu entorno de loita económica e política. En anos de colleitas escasas o remedio más rápido prá necesidade era a importación de alimentos (cereal) por mar. A primeiros do ano 1563 Betanzos fixo descargar no seu porto un barco de trigo que estaba axenciado con destino á Cruña. O interrogatorio dos testigos de descargo é más expresivo en patetismo cás mesmas respostas; de ahí que teñamos dúbida da veracidade. Pro hai que decir que os testigos non teñen capacidade de abstracción coma o abogado defensor, que na sua boa laboura non ten que esquencer ningún detalle que poida axudar á defensa. O 3 de maio pergunta-se entre outras cousas ós testigos:

*“Si saben que en la dicha cibdad de Betanzos ha sucedido este presente año tanta e tan grande falta de pan, especialmente por el mes de abril próximo pasado que no se hallaba en la dicha un pan a vender, aunque por el dieren diez ducados, por lo cual fue la gente puesto tan gran estrecho e nesçesidad que los pobres se andaban muriendo por las calles de hambre y los ricos, aunque tuvieran dineros, no hallaban que comer e de pura flaqueza e hambre vinieron a enfermar e se murieron más de trescientas personas y los demás están enfermos que no hay casa donde no los hay e por las calles andan echados que no pueden ser tornados”* (17).

Outro produto moi importante, prá conservación do peixe, e o sal. Tamén en boa proporción é conveniente prá saude humán. O comercio marítimo do Atlántico transportaba de norte a sur cereais e manufacturas e de sur a norte principalmente sal e viño. Na segunda mitade da última década escasea moito o sal. A falta de sal nas comidas é considerada causante de enfermedades e da mortalidade humán (18).

Betanzos esixe xuridicamente un libre comercio ca Cruña; ésta non pode poñer impedimentos a este comercio, ainda que sea pra defender a propia produción. Tampouco incumben á Cruña os transportes dos produtos de Betanzos atravesando as terras das Mariñas, xurisdición en gran parte do conde de Lemos. As aduanas interiores, entre as cidades ou localidades, son establecidas únicamente polas xurisdicións. Betanzos e A Cruña eran de dominio directo do rei; de ahí que Betanzos esixese libre comercio ca Cruña.

(14) AHMC *Libro de cuentas* no ano 1570: “*Pleito con la ciudad de Betanzos sobre la executoria que la ciudad tenía del poder vender sus vinos y poner estanco*”. fol. 284r. Siguese ainda en 1573; cf. fol. 307r.

(15) No consistorio do axuntamento da Cruña o 13 de novembro de 1549 exprésase a queixa de que a feira de Betanzos perxudica á da Cruña. Ibidem *Libro de consistorios*.

(16) Cf. John Lynch, *España bajo los austrias* 13 (Barcelona, Peninsula, 1975) 179.

(17) ARG leg. 1.180 n. 27.

(18) Unha cédula real expedida en Madrid o 6 de maio de 1598 expresa a necesidade da sal. “*Con gran dificultad se halla alguna y es a precio tan excesivo que pase en algunos lugares de 60 reales la hanega, de lo cual y de otras desórdenes ha resultado grandísimo daño y haberse descubierto enfermedades contagiosas y pestilentes de nacidas y carbuncos en muchos lugares en la comarca de la ciudad de Santiago y en la de La Coruña, de que han muerto muchas personas y particularmente había sido y era mayor el daño en la ciudad de Betanzos, tres leguas de la dicha ciudad de La Coruña*”. ARG leg. 9.743 n. 11.

#### 4. ESCOLA FLAMENCA DE ESCULTURA

Observando a riqueza arquitectónica de Betanzos parece que o predominio foi na baixa Edade Media. O mesmo debe decirse da Cruña; mais tarde nesta última cibdade. As ordes mendicantes, franciscáns e dominicos, invertiron os ingresos comunitarios na pretendida por eles grandiosidade das suas igrexas. O crego secular hasta fins do século XVI non se reforma (19); parece que non ten ningún obxectivo relixioso, como sucede na Cruña; son conocidos por loitas entre eles pra conseguir beneficios eclesiásticos (20); por defender os seus privilexios frente á sociedade, como os fiscais; por ausencia das solenidades relixiosas, prás que eran solicitados, como no Corpus, mais ou menos xustificada a ausencia pola loita de prevalencia entre os cregos. A pesar destes defeutos, no seu oficio son complidores, con rasgos heroicos de risco das suas vidas, como atendendo ós enfermos e redatando testamentos, en tempos de peste, cando os escribáns non se atrevían. Hai tamén casos de abandono das obrigas; entre elas deixaron a iniciativa da enseñanza da doutrina na preocupación das cidades.

O ensino da doutrina, laboura primeira do ministerio sacerdotal, facíase tamén por meio do arte, na escultura e pintura. O retablo de Santa María do Azogue conservaba (21) unhas pequenas esculturas representando acontecementos da vida de Xesucristo e da Virxe María procedentes dun retablo anterior; o actual e do século XVIII. Este antigo retablo non ten por qué vir de Flandes (22); descubriuse unha escola de tecnoloxía e de es-

cultura en madeira, flamenca na Cruña. E posible que houbera outra en Betanzos. Pro, como xa se dixo, perdérónse as fontes documentais municipais de Betanzos. Temos fontes prá Cruña.

Escultores en madeira flamencos morreron na Cruña a mediados do século; eran anónimos, deixando obras e ningúns familiares. De outros sabense os nomes nada mais e o xentilicio de Flamenco (23).

Louis Gouasch é “*maestre*” de escultores. Ten alumnos na sua casa da Cruña. Algunxs son de fóra da cibdade, xa que él lles da de comer e, ó mellor, tamén aloxamento. Comprava viño en cantidade; cando lle sobra, tamén o vende, se o precio é convinte. ¿Formouse aquí Gregorio Fernández? (24). ¿E da Cruña?. Un “*entallador*” Fernández ten casa na Cruña. Juan Fernández é nas duas últimas décadas do século o procurador da cibdade da Cruña na chancillería de Valladolid.

#### 5. CONCLUSION

As pequenas cidades de Betanzos e A Cruña asentan as suas relacóns en bases económicas, de proveito mutuo. Estaban interesadas nunha comunicación; de ahí que contribuiran sempre sin demora nas obras públicas. A dependencia directa na xurisdición real abríalles camiños prá relación con Europa e América; principalmente na primeira dirección, da que nunca se sentiron desvinculadas. Por eso, participaron ilusionadas na política española da mitade primeira do século XVI e sempre foron reticentes na segunda por causa da guerra no mar e en Flandes. E Amé-

(19) Cf. Laura Fernandez Vega, La Real Academia de Galicia, órgano de gobierno en el antiguo régimen (1480-1808) III (La Coruña, Diputación, 1982) 199-200.

(20) Contra cregos de Betanzos, Santiago e Ourense, que recurrian ás armas e compañías armadas pra conseguir os beneficios (ocupandoos pola forza) dou a Audiencia unha disposición dende A Cruña o 15 de maio de 1560. Ibidem.

(21) Hai algún tempo foron roubadas e recuperadas unhas poucas.

(22) Cf. Brais de Bouza, Betanzos: Gran Enciclopedia Gallega, 3, 224.

(23) O 4 de xaneiro de 1568 testifica nun pleito “*Maria do Souto, mujer de Pedro Flamenco, entallador, vecina desta cibdad de La Coruña*”, de 20 anos; “*fue criada de Pedro Barberin*”, “*vendía por su mandado vino en un fumero que tiene en La Cordonería desta cibdad, visto que allí se llegaron un día el dicho Pedro Barberin y con él Francisco Jaspe y allí probaron después de vino tinto, de los cuales el dicho Francisco Jaspe se contentó*”. No sabe firmar. Volve a repetir declaración o dia 6 de marzo. ARG leg. 26.652 n. 37.

(24) Cf. Dolores Vila Jato: Gregorio Fernández. Gran enciclopedia Gallega 12, 30. Non se sabe donde se formou. O enigma da influencia flamenca quedaría resolto ca sua formación nun taller de escultura flamenca como na Cruña.

~~Open toe hulpen by mene hand~~

De drie Dic du de herten ce waerden  
So ghele salde en dat he dor aen den  
Op herte elcomme & de festigant  
Desalcede goudre weet en dat he  
Gest a wel alia daer en die Celle  
des ghele Dic parag ne belge in  
Van heder die celu behuuselen  
Nelge oecce qualcysca 2e festigant  
Wit ghe plesas le dico ghe desalcede  
Gee dene & salen elcij ghe  
Dene Lee Capa de lide a 2e festigant  
Omleene celu beliz en war uela  
Capa de gote goets aie salen vreghen  
en alle ghe dregmunt uellang nosale  
En ala fressen dene dene dene  
dene reghertys gewelssake  
ala v lana dene dene dene  
en prou dene dene dene  
of sines mis dellor aam per la dene  
en prou dene dene dene  
sc aghen que t fes en losendeg  
mende beginnende nvala e per  
estane,

26 Februarij

De regtelening de valderreine desindie  
Salandar de laudre per he dene  
Den fado de orla ga piza se juxta laga  
8 zwanzig eyleij w 6 e tra ta uulus  
dij. Tonwys lani. Im off conserfet  
de aboe en uaderen premie de dene  
de fenderen en wiens en trouwexp  
C meiorialen de viete en alle dene  
Den fado veggarden dene  
Den vederen losse, mene

Documento pertencente a un pleito particular relativo á venta de viño no que aparece a firma dun mestre flamenco de escultura en madeira: Louis Gouasch. ARG.

ríca quedou inalcanzable desde esta costa, despois dos intentos na terceira década en navegar ás Indias, a Catai e ás Molucas. A vida económica era compartida en maior parte co norte polo camiño do mar. Do norte ademais do cereal necesitado nas escasas colleitas viñan os texidos con estampados de figuras naturais e siderais, manufacturas de vidro e xoias con figuras mitolóxicas. Tamén estaban satisfeitas de sentirse no camiño do mar dos italianos co norte de Europa. Esta situación leva a Betanzos e á Cruña a un libre comercio, sempre amenazado por intereses de propietarios produtores, pro sempre brincador e burlador destes obstáculos, recurrindo nos pleitos ós mais extravagantes recursos xurídicos. Os cregos sempre foron partidarios do libre cambio, apoiándose precisamente nos seus privilexios. Sempre aportaron como os demais cidadáns nas obras públicas de comunicación entre as cidades. Agora o camiño mais segu-

ro é por terra: na segunda mitade do século XVI hai más inversións en obras públicas de camiños e pontes sobre os regos.

O sentido da vida é existencial. Non hai mais obxetivos que os presentes, como ensinou o acontecer histórico. Non houbo riquezas mui grandes; pouco se atesorou en valores suntuosos, nin artísticos. A veces, escribáns e comerciantes pagaban en xoias, segun o seu peso de ouro ou prata, e en moedas. Flandes, país de comerciantes, non poido nin soupo atesorar a sua riqueza producida polos seus artistas. A finais do século XVI hai na Cruña unha guarnición militar, de soldados profesionais, permanentemente. O comercio espontáneo con Flandes decae. No século XVII unha armada protexerá as costas gallegas permanentemente, que disuadirá ós navios comerciais de intentar xungirse á costa.